

Quérote e non, te esquezo. Antia

Patricia Crecente Otero

VIII Concurso de cuentos Repsol S. A
Primer premio en lengua gallega

Ano 1995



Camiñaba morosiño por unha estreita rúa que semellaba esquecida da man de Deus. Todo era da mesma cor, da mesma xeometría; edificios grandes e pequenos erguíanse a un lado e a outro da súa mirada. Comenzaba a escurecer, e coma tódolos días, saíra de traballar da fundición e dirixíase ata o pequeno apartamento que tiña alugado nos arrabais da cidade, do que xa debía seis meses e tería que marchar se non pagaba esa noite. Ía frío; detívose baixo a luz dunha farola e botou man da botella que sempre levaba no peto do gabán. O líquido escintilaba na noite baixo a farola e semellaba se-la única cousa que tiña vida propia naquela cidade fementida.

Ergueu a vista ó ceo e asexou en busca dunha estrela, pero todo era escuridade. Un remorso percorreulle o corpo e quedou hipnotizado pola negrura do vacío, que pouco a pouco foi penetrando polos seus ollos, nuns anos mancebos, acugulados de vida, e agora semellaban dous candís mortizos, cansos xa de non ter por paixase máis que mórbidos rúidos e fastío.

Unha ráfaga de frío fíxoo tantariñar e sacouno do enroubamento. Mirou arredor de si e despois de decatarse de que era a única forma de vida nesa noite colleu o camiño a casa. Abríu a porta cunha sensación de desasosego, non conseguira os cartos do alugamento, a fábrica non podía pagarlles mentres a demanda do chumbo fundido fose diminuindo progresivamente e el non era quen de pedir esmola. No cuarto non había mais que unha

cama, unha cociña de butano sobre un moble destartado, unha estantería improvisada con caixas, unha mesa, unha cadeira e decorando a parede, cravada cunha chincheta, a postal que recibira hai xa sete anos e que miraba tódalas noites como se fose a primeira vez, desexando formara parte dela ou tratando de atopar algo novo co que poder recordar todo o que renunciara. O día, que, por necesidade, viuse obrigado a cruzala fría chaira infinda do océano, deixando atrás o berce que arrolara con agarimo. A súa terra, a súa vida, a súa Galicia agora lonxana.

Nela so se podía ler un feble «quérote e non te esquezo. Antía». As bágoas que derramara tantas veces lendo esa postal murchaban o restos das verbas, trazadas máis que cunha pluma co corazón dunha muller que sempre tivera doces palabras para el e que sabía non voltaría a escoltar, pois outro corazón llas roubara. Colleu a postal da parede con moito coidado. As mans treméronlle, e por un intre, tivo a sensación de que era a ela a quen sostiña. Todo, toda a súa vida, todo o que amaba e non tiña, todos os recordos e arcanos sentimentos atopábanse resumidos nunha frase esquecida do paso do tempo «quérote enon te esquezo. Antía». Sentouse coa postal entre os dedos e comezou a recordar. Lenlbrouse da derradeira vez que a viu, de pé, sobre o peirao, facéndolle acenos mentres vía como o barco se alonxaba con parte da súa vida. O vento xogaba cos seus loiros cabelos e semellaba tan fráxil coma unha bonequiña. Bicoulle a pálida meixela e suplicoulle

que non chorara, pronto voltaría con ela e xa non habería outro mar que os afastase. No fondo, ámbolos dous tiñan o presentimento de que xa non se verían máis e sentían morre-los seus corazóns.

Foi un día cinzento de outubro cando as viu por derradeira vez dende o sobrado, a súa muller e a súa Galicia, e ámba-las dúas quedaron entalladas no seu recordo de forma indeleble. Foi un día cinzento de outubro cando as perdeu de vista na lonxanía e sentiu como se lle arrepiaaba o corpo mentras xuraba con bágoas nos ollos que voltaría. Foi un día gris de outubro no que un negreiro vapor se alonxou cara ás Américas, levando consigo mil so idades de feridas almas. Galegos emigrantes que se alonxaron das deparadas gaivotas e foron tragados polo mar. Orfos de terra que non se esquecerían de menta-lo nome da súa fertil nai por moita que fose a distancia que os afastase.

Xa era a terceira vez que esa noite requentaba o caldo para a cea. El sempre fora mol puntual nos seus costumes, pero dende había uns meses sempre tiúa un pre testo para chegar tarde «Cousas do traballo», dicía, e ela calaba e prefería non preguntar, pois a verdade doíalle. Apartou o pucheiro do lume, saltaron algunhas faíscas e sentou nun recuncho da cociña. A humidade esvaraba polas paredes e unha mosca chuchaba o azucre que quedara enriba da mesa. Mirou as súas mans e víunas máis enrugadas do normal. A tristura fixera estragos nelas, e o

que fora unha loira e pálida mociña chea de vitalidade caera no esquecemento de quen a coñecera noutros tempos, cando aínda o vento lecía o tempo xogando cos seus cabelos.

A vida con el xa non resultaba doada, xa non era o mesmo home agarimoso que coñecera hai sete anos e que limpara o rocío das súas meixelas, cando a vida semella balle perde-la súa forza. Non era o mesmo home que por vestido sempre levara un sorriso nos beizos, que engaiolara o seu corazón facéndolle esquece-lo pasado, e que se afastara, coma por arte de maxia, a brea da súa conciencia, amosándolle o máis fermoso eco azul. Ese home fora desaparecendo e afastándose pouco a pouco dos seus pensamentos. Ela non podía finxir que era feliz e refuxábase nas súas lembranzas.

Riscou do peto do mandil e sacou unha postal idéntica á que lle mandara por derradeira vez e que levaba gardando dende aquela. «Hola Brais. Síntome cobarde polo que vou dicir, pero tes que sabelo. Brais, non sigas agardándome, vou casar con outro home. Comprédeo, por favor, xa sabiamos que tiña que acontecer. É moi bó, gostaríache, recórdame moito a tí. Brais, tes que ser feliz sen min, refai a tila vida outra vez e non lle deas máis voltas preguntándote por que. Quérote e non te esquezo. Antía».

Sentiuse culpable de tódolos males do mundo. Esnaquizara o seu amor verdadeiro por unha ilusión. Agora,

dende a cadeira, aínda se lembraba do día en que o viu partir. Levaba só unha pequena maleta coas cousas imprescindibles. Non quixera almorzar nada esa mañá e polo camiño ata o porto non xesticulou palabra, pero de cando en vez detíase para mirala, como se tratase de memoriza-lo seu rostro por medo a esquecelo algún día. Levaba posta a camisa xeitosma que comprara con algúns dos poucos aforros que lle quedaban «Non quero que te me costipes aló. Vai moito frío». O barco xa agardaba polos derradeiros pasaxeiros e ela non puido evitar botarse a chorar. Apartoulle os cabelos da cara; bicouna na meixela e marchou sen ser quen de miralas ós ollos. Ela correra a apertalo a xuroulle esperalo sempre. ¿Que a fixera mudar de opinión?

Foi un cinzeiro día de outubro cando o coitadiño marchou coa marea e ela sentíuse morrer na moura da soidade. Foi un cinzeiro día de outubro cando viu desa parece-lo fume do vapor da súa sombra e do latexar dun tristeiro corazón. Foi un cinzeiro día de outubro no que moitos galegos emigrantes partiron a terras estranas, por ser quen de atoparen fortuna, deixando unha Galicia viuva. Ese día, as festeiras gaitas trocáronse en pranto, e a música das triadas dos vates, enmudeceron o seu canto.

Enxugou os ollos e dispúxose a face-la maleta, o caseiro estaría a pique de chegar e xa non lle quedaban mais excusas. Rematou axiña, non tiña moitas cousas que garda e deixouna preto da porta. Mirou por derradeira vez

a postal, nela víase un fermoso amencer costeiro. Cantas veces desexara formar parte desa paisaxe. Cantas veces camiñara descalzo pola arca apertando a súa man. Lembrouse do aire puro que tantas veces respirara, das rías de mel, dos mariñeiros que lle roubaban ó mar a súa colleita para alimenta-los fillos de Galicia.

Lembrouse da suor dos labregos que con tanto agarimo coidaba da terra, do canto dos paxaros, do verde que percorría as ladeiras das montañas e do que nunca se decatara ata que a vida trocouse en branco e negro. Que lonxe semellaba o fungar dos pinos que nunca soubo apreciar ata o momento no que deixou de escoitalos. Atrás quedara o vagantío que levaban os carros nos camiños, os días da feira, a matanza do porco, a vendimia, a colleita de primaveira, os contos e lendas enxebres que percorrían aldeas e os avós contaban ós seus netos a carón dor lar. Desexaba con tódolas súas forzas voltar atrás no tempo e chorar coma un cativo sobre o peito da nai que o amantara, sobre a súa Galicia, e senti-la caricia da súa xente procurándolle calor.

De súpeto comenzou a marearse, todo lle daba voltas. Pechou os ollos e deixouse levar, sentíase lixeiro, perdeu a noción do tempo e quedou adormecido. De súpeto, os pulmóns enchéronse de aire fresco e espertou. Non sabía canto tempo pasara e non podía ver nada, unha luz cegábo. Pouco a pouco os ollos fóronse afacendo a esa claridade, a claridade do ceo e o mar azul que xa tiña

esquencido. Sentiu como a brisa lle atravesaba a pel e o romper as olas nas rochas eran fermosas cancións de sireas. Non sabía como, pero estaba dentro da paisaxe da postal, desaparecera o escuro cuarto e estaba na súa terra outra vez. Botou a correr e perdeuse entre o calodo, entre as pinceladas da fermosura, e desapareceu.

O caldo xa estaba frío outra vez. Esa noite durmiría fóra, coma tantas outras, e ela comprenderíao e calaría. Deulle a volta á postal e mirouna fixamente. Os seus dedos percorreron cada imaxe e sentiu coma voltaba atrás no tempo. Pensou que o amor, ó igual que chega, pasa, e o dela, marchara para sempre. Deliraba, como tantas noites, falando coa postal coma se o tivese a el diante. «Sabes, Brais, onte o sol amosou á terra o seu sorriso, o mar estaba en calma e anainaba as lanchiñas dos mariñeiros, que encheron as redes. Antón, o escrequenado, tivo boa colleita outra vez, dame recordos para tí. A mula da túa tía e tan preguiceira que rematou por vendela. A xeadada de antonte cuchouno-los pementos, pero non importa, a luz do teu amencer todo o fará florecer calodo voltes. Voltarás ¿verdade, Brais? Seino, voltarás». Tirou a postal ó chau, pechou os ollos e quedou adormecida.

O canto dun grilo espertouna. Estaba tendida nun penasco e el ollabaa fixamente. ¡Cómo era posible! Hai un intre estaba na cocíña vendo pasa-lo tempo sen sentido, agora era Brais quen voltaba a apartadle o pelo da frente. A súa pel era xoven outra vez e os seus ollos

resplandecían como nunca antes o fixeran. Semellaba coma se o tempo non pasara xamais e eses sete anos afastados o un do outro quedaran esquecidos nun caixón. Non era ningún sono. Ámbolos dous estaban na paisaxe da postal, da que tantas veces quixeron formar parte por separado. El axudouna a erguerse, colleuna da mar e ser dicir nada marcharon camiñando.

Abriu a porta de súpeto e entrou na cociña á vez que o caseiro irrompía no apartamento con seis recibos na mar. Non atoparon a ninguén, pero pensaron que terían que voltar pronto, a mesa estaba posta e a maleta feita. Recolleron unha postal do chan, «Quérote e non te esquezo. Antía». Xiráronna e viron como eles se alonxaban ata perderse entre a verdecerte terra, ata confundiríanse no ceo, ata mergullárense no mar, ata desaparecer.

«Quérote e non te esquezo. Antía».